

Alfredo Conde e a grande antoloxía rusa

A pegada galega na literatura rusa é ben miúda, amais de recente. Non foi até a segunda metade do século XX que apareceron os primeiros autores galegos nas antoloxías de literatura española, segundo a directora do Centro de Estudos Galegos da Universidade Estatal de San Petersburgo, Elena Zernova, e sempre traducidos do castelán. De feito, haberá que agardar até 1990 para ler en ruso a primeira versión directa do galego, unha antoloxía de Álvaro Cunqueiro. O verdadeiro coñecemento da literatura galega

entre os lectores rusos, explica Zernova, arrinca en 1995 cando o seu departamento empeza a publicar a *Antoloxía da Literatura Galega* en ruso coa colaboración da editorial St Petersburg University Press. Destinada ao público especializado, botou a andar cun primeiro volume dedicado á poesía dos trobadores, ao que logo seguirían outros centrados na poesía contemporánea, a lírica popular, a narrativa breve do século pasado, os contos populares, a literatura de mulleres e a autores canonizados como Rosalía de Castro ou Castelao. Porén, malia este traballo, a presenza de autores contemporáneos galegos é moi fraca en Rusia. Fóra de Manuel Rivas, que está presente en 21 linguas, só é posíbel subliñar a Alfredo Conde, de quen se coñecen versións de *Xa vai o Grifón no vento* (1996 e 2000), *Memoria de Noa* (2001), *Azul cobalto. Historia posibel do Marqués de Sargadelos* (2002) e *Romasanta. Memoria incerta do home lobo* (2005).